

Praza do Concello n1- Petelos

36416 – Mos (Pontevedra)
Tfno.: 986 331 200
Fax. 986 336 618

SECRETARIA

ROF		
EXPEDIENTE	Sesión do Pleno do Concello 07.05.2018	Ref. 06/2018
TRÁMITE	Acta	

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 7 DE MAIO DE 2018

No Salón de actos do Pazo de Mos, sendo as 10:00 horas do día 7 de maio de 2018, reúnese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da Sr. Alcalde Accidental Don Alberto Méndez Lago, có fin de celebrar sesión segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros.

Asisten os seguintes Srs. Concelleiros e Sras. Concelleiras:

Polo grupo municipal P.P.:

D. Óscar Soto Abadín
D^a. Julia Loureiro Campo
D. José Luis Alonso Seijo
D. Cándido Pérez Rodríguez
D^a. Sara M^a Cebreiro Alonso
D. Camilo Augusto Martínez
D. Baldomero Lorenzo Giráldez

Polo grupo municipal de GañaMos:

D. Miguel Angel Rodríguez Alonso
D^a. M^a Aurora Giráldez Leirós
D. Roberto Carlos Rodríguez Dasilva

Polo grupo municipal PSdG-PSOE:

D^a. Patricia Pérez Ucha
D^a. Silvia González Pereira

Praza do Concello n1- Petelos

36416 – Mos (Pontevedra)
Tfno.: 986 331 200
Fax. 986 336 618

SECRETARIA

Polo grupo municipal B.N.G.:

D. Miguel Anxo Aldea Moscoso

Concelleiros non absritos

D. Emilio Muíños Pumar

D. Pablo Castro Represas

Secretaria

M^a Angeles García Villaverde

Interventora Acctal.,

Marina García Bernárdez

1. Aprobación dos borradores das actas das sesións anteriores (4 e 9 de abril de 2018).

Iníciase a sesión someténdose a votación a acta do 4 de abril de 2018 que resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes da Corporación.

A continuación sométese a aprobación dos membros corporativos a acta da sesión celebrada o 9 de abril 2018 que resulta aprobada por maioría coa abstención da Sra. Pérez Ucha por non estar presente nesa sesión.

2. Toma de posesión do concelleiro don Pablo Castro Respresas.

Pola Sra. Secretaria dáse conta da recepción da credencial do Concelleiro electo, don Pablo Castro Represas, remitida pola Xunta Electoral Central, acreditativa da súa designación como concelleiro do Concello de Mos.

Seguidamente a Sr. Secretaria informa de que procederá á formalización do xuramento ou promesa de acatamento á Constitución, invitando ao concelleiro electo a poñerse en pé a efectos de que preste o xuramento ou promesa de acatamento á Constitución, dando cumprimento ao establecido no artigo 108.8 da Lei Orgánica do Réxime electoral xeral.

SECRETARIA

Polo Concelleiro electo maniféstase a aceptación do cargo e procede a dar lectura ao xuramento ou promesa de acatamento á constitución de conformidade coa fórmula prevista no artigo 1 do Real Decreto 707/1979.

PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE MOS, CON LEALDADE AO REI, E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO

Cumpridos os requisitos legais e finalizado o acto de xuramento ou promesa, o comparecente TOMA POSESIÓN DO CARGO e adquire a plena condición de concelleiro .

3. Dación de conta de escrito de concelleiro para a súa incorporación como membro non adscrito.

Da conta a Sra. Secretaria do escrito do novo Concelleiro no que comunica o seu paso ao grupo non adscrito.

A continuación o novo concelleiro, Sr. Castro Represas, da lectura ao seguinte escrito:

“Como un dos promotores de gañamos, dame pena ver ao que chegou esta organización assemblea veciñal.

É certo que tiven desencontros con gañamos, porque a maioría das veces non chegábamnos a conclusións: moito ruído e moito fume que non levava a ningures.

Iso si, sempre se me dixo que queráin contar connigo, e eu aínda pensei ou pensaba en positivo.

Lonxe do meu pensar, gañamos está manipulado por 4 ou 5 que toman as decisións sen contar coa assemblea, son como eles se fan chamar "o grupo".

Eu non concibo unha organización que se formou assemblearia e veciñal, foi tomada por 4 ou 5, e que tomen eles as decisións sen contar coa assemblea.

Outro punto desagradable foi ver como por uns motivos ou outros nos que non se concidia o pensar, algunhas destas persoas faltaron as formas a compañeiros, e outros permitiron que isto ocorrera.

Por isto aquí dito , decidín coller a acta como non ascrito, por ser o seguinte da lista así votada en primarias por máis de 2000 veciños e veciñas de Mos; e tamén polo

SECRETARIA

alento recibido por compañeiros e compañeiras que vemos esta situación máis que irregular.

Por último, aproveito para dicir que dende agora pónome á disposición dos e das veciñas de Mos para traballar, polo que eles nos poñen aquí por Mos e polo ben de Mos en xeral. “

4. Expte. 1343/2018. Recoñecemento extraxudicial de crédito nº 04/18.

Explica a Secretaria que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda e Contratación celebrada o 5 de maio de 2018.

O Sr. Rodríguez Alonso di que van a votar en contra xa que unha vez máis gastase mais do que se ingresa e que a débeda real do Concello supera os 10 millóns de euros, polo que queda claro que a xestión económica é lamentable.

A Sra. Pérez Ucha, di que, aínda que os provedores teñen dereito a cobrar, van votar en contra xa que se trata do 4º recoñecemento que se leva este ano.

O Sr. Aldea Moscoso manifesta que se absterá porque os provedores non teñen a culpa da xestión do goberno.

O Sr. Muíños Pumar di que votará en contra porque tamén hai que controlar e antes de comprar hai que ver si hai con que pagar.

O Sr. Castro Represas di que se absterá porque aínda non tivo acceso á documentación.

A continuación, sométese o acordo a votación ordinaria, e por maioría cos votos a favor dos membros do grupo municipal do P.P. (8), o voto negativo do grupo de GañaMos (2), do grupo de P.S.deG.-P.S.O.E (2), , e do Sr. Muíños Pumar , e abstención do B.N.G. (1) e o Sr. Castro Represas, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO

Praza do Concello n1- Petelos

36416 – Mos (Pontevedra)
Tfno.: 986 331 200
Fax. 986 336 618

SECRETARIA

Primeiro.- Levantar o reparo da Intervención Xeral e aprobar a relación de xustificantes de gasto e facturas cuxos datos a continuación se expresan e ordear o seu recoñecemento:

XUSTIFICANTE	DATA	PROVEEDOR	IMPORTE
2018 66001221 TEXTO: S/FRA. NÚM: 226/041 FECHA: 23/10/2017 FERNANDO SILVA RODRIGUEZ POR TECNICO DE SONIDO JORNADAS CONCIENCIACION RCP (REANIMACION CARDIO PULMONAR)	30/04/20	53165921H - SILVA RODRIGUEZ FERNANDO	212,00€
2018 66001105 TEXTO: S/FRA. NÚM: 2 FECHA: 10/01/2018 A URBING, POR PROYECTO SENDA FLUVIAL, RIO LOURO DESDE LAGOAL.	11/04/20	B36982510 - URBING S.L.	11.737,00€
2018 66000971 TEXTO: S/FRA. NÚM: 180071 FECHA: 28/01/2018 A FLORISTERIA LOLA, SL; RAMOS DE FLORES -CORALES-	03/04/20	B36463222 - FLORISTERIA LOLA, S.L.	66,00€
2018 66001086 TEXTO: S/FRA. NÚM: 1 FECHA: 08/03/2018 A URBING, POR REDACCIÓN PROYECTO "MSV PARROQUIAS TORROSO, CELA Y TAMEIGA", ACTUACION Nº 1 TORROSO PLAN CONCELLOS 2018.	10/04/20	B36982510 - URBING S.L.	11.858,00€
2018 66000972 TEXTO: S/FRA. NÚM: 180219 FECHA: 31/03/2018 A FLORISTERIA LOLA, SL; POR PLANTAS NAVIDAD PARA MULTIUSOS.	03/04/20	B36463222 - FLORISTERIA LOLA, S.L.	70,40€
2018 66000973 TEXTO: S/FRA. NÚM: 180220 FECHA: 31/03/2018 A FLORISTERIA LOLA, SL; RAMO FLORES OBITO DE RAFAEL BADA.	03/04/20	B36463222 - FLORISTERIA LOLA, S.L.	55,00€
2018 66000974 TEXTO: S/FRA. NÚM: 180221 FECHA: 31/03/2018 A FLORISTERIA LOLA, SL; RAMO FLORES ÓBITO DE ANTONIO LOPEZ.	03/04/20	B36463222 - FLORISTERIA LOLA, S.L.	55,00€
<p style="text-align: right;">Segundo.-</p> <p style="text-align: right;">Dar</p> <p style="text-align: right;">traslado</p>			
<p>aos servizos de Tesourería dos documentos de recoñecemento da obriga para proceder a ordear e realizar os pagos correspondentes.</p>			24.053,40€

5. Expediente 1222/2018. Bonificación ICIO AEMOS – Escola Infantil PEMOS.

SECRETARIA

Explica a Secretaria que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda e Contratación celebrada o 5 de maio de 2018.

O Sr. Rodríguez Alonso di que aínda que se trata dunha gardería e que fai unha asociación sen ánimo de lucro, está claro que se vai subarrendar e que haberá un lucro, e ademais moi preto o Concello de Mos esta construíndo a súa propia gardería; polo que se absterán.

A Sra. González Pereira manifesta que votarán a favor.

O Sr. Aldea Moscoso di que non ten nada claro como vai funcionar e que é unha pena que o faga unha entidade privada cando debería ser a Xunta quen a fixera, polo que se absterá.

O Sr. Muíños Pumar di que votará si como se fixo con estas bonificacións ata o de agora.

Sometido o acordo a votación ordinaria, e por maioría cos votos a favor dos membros do grupo municipal do P.P. (9), do grupo de P.S.deG.-P.S.O.E (2) e do Sr. Muíños Pumar, e a abstención do grupo de GañaMos (2), do B.N.G. (1) e do SR. Castro Represas, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar o especial interese e utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais na obra construción da Escola Infantil en Pemos por parte de AEMOS concedendo o 95% de bonificación da CUOTA DO IMPUESTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS á devandita asociación AEMOS pola execución desta obra.

Segundo.- Comunicar o acordo ao interesado e a o Departamento de Urbanismo do Concello para a súa incorporación ao Expediente, así como ao Departamento de Recadación.

6. Expediente 1566/2017. Nova senda fluvial no río Louro. Desde o Camiño de Lagoal, parroquia de Louredo. Aprobación definitiva expediente de expropiación

SECRETARIA

Explica a Secretaria que o asunto foi a Comisión Informativa de Servizos Públicos e Patrimonio celebrada o 5 de maio de 2018.

O Sr. Augusto Martínez explica que se remite a Xunta para que declare a urxencia.

O Sr. Rodríguez Dasilva di que votarán negativamente que quere deixar claro que están a favor de todas as sendas que se fagan; pero neste caso están completamente en desacordo porque non se contou nin cos veciños nin ca oposición, que o Goberno coa súa maioría absoluta fai o que quere. Que a Oposición non tivo ningunha información ata a aprobación inicial. E remata preguntandolle a Secretaria si lle contestaron aos veciños as alegacións.

Responde a Secretaria que se lle notificará este acordo.

A Sra. Pérez Ucha manifesta que están a favor da senda porque é algo positivo para os vecinos pero non están de acordo coas formas e como non o ven claro vanse a abster.

O Sr. Aldea Moscoso di que se trata dun auténtico despropósito. Que a razón para levala a cabo, segundo o proxecto, é absolutamente peregrina e que se pode aplicar a todo o Concello.

O Sr. Muíños Pumar di que as presas non son boas, hai 11 alegacións que non tiveron contestación, que pensa que deberían contestarse aos veciños antes do Pleno, e que non vai a participar nun atropello aos veciños .

Tras o debate, sométese a votación e resulta aprobada por maioría, cos votos favorables do grupo do P.P. (8), o voto negativo do grupo de GañaMos (3), do grupo do B.N.G. (1) e do Sr. Muíños Pumar , e abstención do P.S.deG.-P.S.O.E (2) e o Sr. Castro Represas a seguinte proposta:

PRIMEIRO. Aprobado con carácter definitivo o proxecto da expropiación así como a relación concreta, individualizada e valorada dos bens a ocupar con carácter de urxencia para a execución da obra “**SENDA FLUVIAL DO RÍO LOURO, DENDE O CAMIÑO DE LAGOAL NA PARROQUIA DE LOUREDO**”, declarando a necesidade da urxente ocupación o a utilidade pública do proxecto así como a

SECRETARIA

designación nominal dos interesados cos que deben entenderse os sucesivos trámites, co seguinte detalle:

Nº	Políg.	Parc.	Titular	Superficie	Sup. Expropiac.
1	11	30	Chorro Naval, S.L.	13593	621,82
2	11	37	Jesús García Martínez	600	32,11
3	11	38	Joaquín García Coto	593	46,12
4	11	39	Carmen Alonso Carrera	452	40,87
5	11	40	Florentina Alonso Rodríguez y Otros	253	29,55
6	11	41	En investigación, art. 47 Lei 33/2003	207	26,22
7	11	42	Descoñecido	2812	177,23
8	11	48	Jesús García Alonso	696	7,97
9	11	49	Anuncia García Rodríguez	939	109,26
10	11	636	En investigación, art. 47 Lei 33/2003	368	12,36
11	11	56	Perfecto Carballido Rodríguez	890	84,58
12	11	57	Rafael Carballido Rodríguez	980	66,30

SECRETARIA

13	11	58	Hros. de Dionisio Leirós Míguez	646	31,44
14	11	59	Florentina Alonso Rodríguez	1156	60,22
15	11	60	Rosa Carrera Rodríguez	334	17,58
16	11	61	José Vila Rodríguez	307	16,64
17	11	62	Saladina Carrera Rodríguez	359	18,93
18	11	63	Ramón Rodríguez Alonso	357	21,42
19	11	64	Francisco Nuñez Carrera	854	46,55
20	11	70	Adelina Leirós Domínguez	2680	129,42
21	11	71	Carmen Domínguez Castro	1446	66,76
22	11	121	Rafael Rodríguez Castro	2123	92,11
23	11	147	Miguel Ángel Reboreda Martínez y Otros.	7009	446,13

SEGUNDO. Considerar que co actuado queda xustificada a necesidade de ocupación dos bens e dereitos a que se refire este expediente, e por tanto, acórdase a necesidade de ocupación dos mesmos, dada conta dos informes obrantes no expediente.

TERCEIRO. Respecto ás fincas afectadas polo expediente de expropiación e cuxos titulares non comparaceron, se da traslado do actuado ao Ministerio Fiscal, con quen se entenderán as actuacións posteriores.

SECRETARIA

CUARTO.- Tendo en conta que durante o periodo de información pública se presentaron as seguintes alegacións, e os informes obrantes no expediente, se resolve o que segue:

1. VECIÑOS VARIOS -D. Perfecto Carballido Rodriguez, D. Rafael Carballido Rodriguez, D. Javier Reboreda Martínez, D. Oscar Carrera Vilaboa, D. Benito Lorenzo Leirós, D^a Maria del Carmen Vilaboa Romero, D^a Adelina Leiros Dominguez, D^a Consuelo Cabaleiro Caride, D^a Maria del Carmen Domínguez Castro y la Comunidad de Regantes Peirao Muiño de Liñares:-**Desestimar las alegaciones en su totalidad**
2. D. Ramón Alonso Carrera:**Desestimar la alegación, remitiéndonos a la posterior fase de justiprecio a los efectos de determinar la procedencia de incluir una indemnización que resarza el perjuicio de esta expropiación parcial.**
3. CHORRO NAVAL, SL:**Desestimar la alegación, remitiéndonos a la posterior fase de justiprecio a los efectos de determinar la procedencia de incluir una indemnización que resarza el perjuicio de esta expropiación parcial.**
4. Herederos de Mercedes Ogando Alonso:**Estimar la alegación de rectificación de titularidad de la finca n.º 007**

QUINTO.- Solicitar ao órgano competente da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación de conformidad co artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, instando a súa aprobación polo Consello de Goberno e visto o informe xustificativo da urxencia emitido pola Sra. Enxeñeira municipal con data 10 de novembro de 2017.

SEXTO.- Remitir o expediente de referencia ao Consello de Goberno da Comunidade Autónoma para que declare urxente a ocupación dos bens afectados pola expropiación.

No transcurso deste punto incorporouse ao Pleno a Sra. Giráldez Leirós.

7. **Dación de conta da liquidación do exercicio 2017 e informe de estabilidade orzamentaria.**

SECRETARIA

Explica a Secretaria que o asunto foi a Comisión Informativa de Facenda e Contratación celebrada o 5 de maio de 2018.

O Sr. Méndez Lago da conta do informe da Interventora accidental co seguinte resumo:

“A.- O resultado da avaliación do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria na Liquidación do Orzamento Xeral da Entidade do Exercicio 2017

- Superávit (en términos consolidados) = **371.235,69 €**

Resultado da avaliación: **CUMPRE** O OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA (equilibrio o superávit)

B.- O resultado da avaliación do Obxectivo da Regla de Gasto na Liquidación do Orzamento Xeral da Entidade do Exercicio 2017

Resultado da avaliación: **INCUMPRE** O OBXECTIVO DA REGRA DE GASTO : - 427.085,36 €.

Medidas a adoptar: A Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira establece que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de debida pública ou da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un plan económico-financiero que permita no ano en curso e no seguinte, o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto co contido e alcance previstos en dita lei. Os artigos 21 e 23 do LOEPSF indican que as entidades locais estarán obrigadas a Preparación dos **Plans Económico-Financieros** dentro dun mes desde o momento en que se estableza o incumprimento. Estes plans deben ser aprobados polo Pleno da Corporación no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.

C.- O resultado da avaliación do Obxectivo de Sostenibilidade Financeira que inclúe Límite de Débeda da Liquidación do Orzamento Xeral da Entidade do Exercicio 2017, ascende a 81,86% dos ingresos correntes liquidados.

Resultado da avaliación: **CUMPRE** co límite de débeda establecido no TRLRFL. **CUMPRE** O OBXECTIVO DE SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA

D.- Incúmprese o período medio de pago.”

SECRETARIA

O Sr. Rodríguez Alonso, di que o das subvencións sen cobrar é papel mollado porque si se cumpren cobranse, o IBI xa o dicía o informe de intervención que os ingresos estaban inflados, o exercicio deste ano en canto o gasto xa está desequilibrado, pero o claro é que a débeda cada ano aumenta e si neste ano o remanente de tesourería é negativo non queren pensar como será o presuposto do ano que ven. E con isto o que queda claro é a actuación nefasta deste goberno que probablemente traerá consigo incremento de impostos.

Sra. Pérez Ucha di que pouco hai que engadir ao dito polo grupo GañaMos, di que xa a Inteventora di que están inflando os ingresos, pregúntase a donde se chegará o ano que ven, pide que o goberno teña en conta os informes dos técnicos e que fagan o que se propón para non chegar a iso.

O Sr. Aldea Moscoso di que se deben 10.813.700 euros con isto xa está todo claro, que a xente sabrá a quen vota. Que estamos outra vez como no ano 2011 na mesma historia gastase todo o que se poida reventando as contas e tamén se pregunta como será o ano que ven e resume dicindo que iso é un desastre.

O Sr. Muíños Pumar manifesta que as contas son nefastas, e que a ver a onde se vai chegar, que iso é un descontrol.

8. Expediente 775/2018. Dación de conta do período medio de pago do 4º trimestre 2017 e 1º trimestre 2018.

Explica a Secretaria que foi tratada na Comisión Informativa de Facenda e Contratación celebrada o 5 de maio de 2018.

Da conta o Sr. Alcalde accidental, dos informes de tesorería que, entre outras cousas din:

“Informe tesorería 4º trimestre 2017:

En este marco destacamos que en el cuarto trimestre del ejercicio 2017 para el Ayuntamiento de Mos el PMP obtenido se cifra en **63,59** días lo que implica se NO se

SECRETARIA

cumple el criterio de sostenibilidad financiera de la deuda comercial, si bien, al mismo tiempo debemos poner en relevancia que se ha reducido en más de 39 días con respecto al trimestre inmediatamente anterior (103,41).

Informe tesorería 1º trimestre 2018:

Con base nos cálculos detallados no expediente motivo do informe NON se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.”

O Sr. Rodríguez Alonso di que a normativa establece un prazo máximo de 30 días e o Concello de Mos non cumpre; estase pagando nun prazo de mais do dobre do máximo permitido o que supón unha carga a veces excesiva aos provedores polo que insiste que hai que axustarse ao presuposto e facer un presuposto real.

A Sra. Pérez Ucha, o resumo é que son 30 días e Mos vai en 77 días, aí está a diferenza; a deuda hai que pagala.

O Sr. Aldea Moscoso di que segue habendo facturas do ano pasado sen pagar por exemplo, unha de San Franco,

O Sr. Muíños Pumar manifesta que isto ven dicindo mais do mesmo.

9. Resolucions de alcaldía.

Dáse por realizado o trámite.

10. Comunicacions de Alcaldía.

O Sr. Seijo Alonso que Fomento reanuda as obras na autovía, que están na salida de San Eleuterio.

O Sr. Rodríguez Alonso di que estaría ben saber dos prazos das obras e si hai modificacións no proxecto.

O Sr. Augusto Martínez di que en canto veña a Alcaldesa farase unha xuntanza de voceiros para falar do tema.

SECRETARIA

11. Rogos e preguntas.

O Sr. **Rodríguez Alonso**, preguntalle a concelleira delegada de urbanismo, sobre o novo expediente de incoado a Redfone; se lle comunicou a empresa e cando se vai a iniciar a segunda medición.

Responde a Sra. Loureiro Campo que ten que estar comunicado e as medicións faranse cando o arquitecto poida e para os medios sabe o tecnico que ten unha empresa para iso.

Sobre o polígono de Rebullón hai empresas que quedaron dentro do Concello de Vigo, que medidas vai tomar o Concello de Mos, e se ten estimado a canto pode ascender a reclamación se chegan a presentarse e porque non se intentou solucionalo antes de aprobar o PXOM.

Responde a concelleira de urbanismo que seria bo que pasara por urbanismo e fale con todos os técnicos do Concello.

O Sr. **Rodríguez Dasilva**, sobre o paso peonil cerca do Colexio Santo Tomas, pregunta que teñen pensando facer para mellorar a seguridade xa que se dixo que ia a mellorarse coa senda peonil pero que aínda non ven as melloras.

Responde o Sr. Augusto Martínez que estiveron ali os técnicos da Xunta e dixeron que iban a atender a petición polo que se entende que van facelo.

Pregunta polas obras da Avenida de Puxeiros, queren insistir nun paso peonil onde empeza o barrio do Casal, e que se aproveita o ancho de acera donde ao lado da marquesina, para facer una saída para que poidan estacionar os atubuses sen interromper o tránsito; no lado de Puxeiros, xusto ao chegar a primeira rotonda (no lado dereito subindo) piden un paso de peóns para darlle continuidade a senda.

O Sr. Seijo Alonso di que no paso de peóns de abaixo hai que pedirlle autorización a Fomento.

A Sra. **Giráldez Leirós**, primeiro pide disculpas por chegar tarde e prega que se exprese o rexeitamento a sentenza da manada facendo agora una votación de toda a Corporación.

SECRETARIA

Responde o Sr. Méndez Lago que se levará ao próximo Pleno

Pregunta porque non se limpou un terreo onde fixeron una festa a Asociación da Festa do Rosario.

Responde o Sr. Alonso Seijo que se lle dixo que o tiña que limpar o propietario que era a Comunidade de Montes de Petelos.

A Sra. Pérez Ucha, pregunta cando se lle vai dicir a Fenosa que poña os paus decentemente, hai paus agarrados a pinos ou a unha balaustrada de casa.

O Sr. Lorenzo Giráldez responde que se lle dixo a Fenosa pero van moi lentos que haberá que denunciar.

Cando se van a poñer os Badéns nas proximidades do colegio School,

O Sr. Alonso Seijo contesta que non van nesta partida para lombos.

Roga que se vexa o problema que hai nunha casa, que cas obras no camiño, se encharca a agua na porta da casa.

Sobre a piscina, no vestuario feminino, hai xaboneiras rotas e alguna xa desaparecida, os pulsadores seguen sen cambiarse.

Responde o Sr. Lorenzo Giraldez non lle constan queixas e pide que se deixen as queixas ali no mostrador..

O Sr. Aldea Moscoso, pregunta que se vai facer no Concello coa modificación da Xunta sobre a limpeza de fincas.

Contesta o Sr. Pérez Rodríguez, que se fixo un bando donde se explica os metodos de desbroce e corta de pinos.

Sobre os laterais das rúas hai que velos.

Sobre os verquidos de lixo.

Responde o Sr. Pérez Rodríguez di que se intensificou mais control pero segue sendo deifcíl localizar aos responsables.

Hai un badén na plena curva, en Castro Mos, cerca do muiño e pensa que non pinta nada que hai que poñelo na recta.

Praza do Concello n1- Petelos

36416 – Mos (Pontevedra)
Tfno.: 986 331 200
Fax. 986 336 618

SECRETARIA

Responde o Sr. Alonso Seijo que o mirará pero que iban na recta e non na curva.

O **Sr. Muíños Pumar**, di que hai que ver os lindes con Redondela que se iniciou e debería seguirse. O de Porriño quedou de poñerse un mojón e non pensa que está sen poñer.

Na entrada do Porriño, hai un árbol, que tapa a acera polo que non pode ser que a acera este cuberta por setos.

No enlace A55-A52 fíxose algo si se fixo pero seguen sendo un camiño , o enlace da A-55 para coller o enlace A-52 é intolerable.

Nas obras do Costilleta debería ser en granito na zona en que estamos sería o normal.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa, levanta a sesión sendo as once horas e coarenta e cinco minutos do sete de maio de dous mil dezaioito, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

A Alcaldesa,
Visto e prace
Nidia M^a Arévalo Gómez
(Asinada electronicamente)

A Secretaria,
M^a Angeles García Villaverde
(Asinada electronicamente)